

**ANEXO I**  
**PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach**

<b>Dirección do proxecto</b>	
Nome: Beatriz Mouriño Carballido	
Enderezo electrónico: bmourino@uvigo.es	Teléfono:
<b>Co-dirección do proxecto</b>	
<b>Bienio</b>	2020 - 2022
<b>Número de participantes (máx. 4)</b>	1

Título

**Análise de series temporais de variables oceanográficas na contorna do Val de Miñor**

**Resumo**

O cambio climático é un dos principais retos aos que se enfrenta a humanidade. Na actualidade, existe unha gran rede de boias oceanográficas as cales poñen a nosa disposición unha gran cantidade de datos acerca das variables oceanográficas afectadas polo cambio climático. Por conseguinte, o proxecto basearase na análise de series temporais de distintas variables oceanográficas na contorna do Val Miñor e polas en relación co quecemento global. O cambio climático afecta tamén á dinámica da circulación costeira en Galicia, afectando ao fenómeno de afloramento-afundimento, o cal é a base da prosperidade e abundancia de biomasa nas Rías Baixas.

**Obxectivo**

Analizar as series de datos de temperatura superficial e profunda na columna de auga, intensidade de afloramento (obtida a partir de series de datos temporais acerca da dirección do vento), concentración de clorofila en superficie e concentración de nutrientes.

**Plan de traballo**

**Redacción do proxecto.** Nunha primeira fase do programa STEMBach (primeiro trimestre 1º de bacharelato), redactarase o proxecto do traballo de investigación, identificando a problemática obxecto de estudo e as variables necesarias. Realizarase unha procura de información bibliográfica.

**Obtención de datos.** (2º e 3º trimestre de 1º de bacharelato). Construirase a matriz de datos das variables a estudar, análise das series temporais e obtención da datos, gráficas e táboas.

**Redacción da memoria.** (1º trimestre de 2º de bacharelato). Interpretaranse os datos obtidos extraendo as principais conclusións. Redactarase a memoria do proxecto.

**Defensa do proxecto.** (2º trimestre de 2º de bacharelato). Elaborarase unha presentación audiovisual para a defensa do proxecto diante do tribunal avaliador.